

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA, E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E TURISMO E O CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO DRENAXE NO CEMITERIO MUNICIPAL DA GÁNDARA-TORROSO

Con data 25 de maio de 2020, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinou co concello de Mos un convenio de colaboración para o proxecto denominado "Drenaxe no cemiterio municipal da Gándara-Torroso"

O obxectivo básico da actuación é darlle solución inmediata aos problemas de filtracións e humidades nas sepulturas e nichos do cemiterio, co fin de evitar un probable afundimento e as súas consecuencias sobre o ambiente e a saúde pública.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo coopera na realización das actuacións mediante a achega máxima de VINTE E CINCO MIL SEISCENTOS EUROS (25.000,00€) con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168)

Esta cantidade representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio. O compromiso de gasto contabilizouse o 9 de xuño de 2020 na referencia 202005622 (índice 2) e número de operación 20200520003451.

O Concello de Mos interesa Mo unha modificación do proxecto subvencionado que non se altera o importe total do mesmo, para introducir as modificacións producidas nas obras de drenaxe do Cemiterio Municipal da Gándara-Torroso por causas sobrevidas así como pola aparición de novas patoloxías e novas configuracións físico-construtivas postas de manifesto unha vez iniciados os movementos de terra e retirada de parte da cubrición dos panteóns

O concello fai constar que coa realización destas modificacións, con respecto ao proxecto inicial, non se desvirtúa o proxecto subvencionado, non suporá unha actuación deficiente e cumprese co obxectivo da resolución de concesión Á vista desta solicitude.

Con data 20 de outubro de 2020 reúnese a Comisión Mixta prevista na cláusula décimo terceira para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Mos para a execución do proxecto denominado "Drenaxe no cemiterio municipal da Gándara-Torroso"

Entre as funcións atribuídas á comisión mixta polo convenio atópanse a de propoñer, de ser o caso, addendas.

A Comisión estuda a proposta do Concello, e entende que para tal fin procede a formalización dunha addenda que recolla a:

- A modificación do orzamento inicial substituído o mesmo polo presentado na proposta do Concello que figura como anexo I a esta proposta.

En vista do exposto,

ACORDO

1. Iniciar os trámites en orde á formalización da addenda ao Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Mos para o proxecto denominado "Drenaxe no cemiterio municipal da Gándara-Torroso"
2. Solicitar informe á Asesoría Xurídica, á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e á Intervención Delegada.

Santiago de Compostela,
O directora xeral de Administración Local
(documento asinado dixitalmente á marxe)
Natalia Prieto Viso





Anexo I

MODIFICADO_DRENAXE NO CEMITERIO MUNICIPAL DE GÁNDARA, TORROSO

CAPITULO	RESUMEN	EUROS	%
1	TRABAJOS PREVIOS. MOVIMIENTO DE TIERRAS	1.078,33	6,21
2	DRENAJE	2.100,24	12,10
3	FIRMES Y PAVIMENTOS	1.857,12	10,70
4	OBRAS DE FÁBRICA IMPERMEABILIZACIONES.....	10.264,19	59,12
5	REPOSICIONES	1.150,38	6,63
6	GESTIÓN DE RESIDUOS.....	309,75	1,78
7	SEGURIDAD Y SALUD	602,31	3,47

TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL 17.362,32

13,00 % Gastos generales 2.257,10

6,00 % Beneficio industrial 1.041,74

SUMA DE G.G. y B.I. 3.298,84

21,00 % I.V.A. 4.338,84

TOTAL PRESUPUESTO CONTRATA 25.000,00

TOTAL PRESUPUESTO GENERAL 25.000,00

